


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

3-4 de xaneiro do 2026

II DOMINGO DO NADAL



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

CANTO 🎵 *nº 1* *Imos compañeiros imos*


Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe seguimos a celebrar a festa do Nadal. Xesús nace, faise no medio de nós, púsase nas nosas mans, o Señor plantou a súa tenda no seu pobo. Deus achégase e faise luz e vida á nosa beira. Que máis se pode pedir?.

Luz, Vida, Palabra, Sabedoría, son expresións usadas no evanxeo de San Xoán, que tentan achegarnos ao misterio do Nadal, porque Xesús ven sendo a “Palabra” definitiva de Deus feita realidade para nós.

Como non imos alegrarnos se estamos nas mans dun Pai bo que nos quere, e con Xesús e uns irmáns aos que prezamos e cos que compartimos a nosa vida?.



PROCLAMACIÓN DO GLORIA

CANTO 🎵 *nº 2 Gloria ao Señor nas alturas*

(No caso de non cantar o gloria facemos esta oración)

Monitor/a: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a:
Cantémoslle cos anxos, cos pastores,
cantemos con María e con Xosé,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a:
Cantémoslle cos pobres e cos pequenos
a quen Deus lles procura tanto ben,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a:
Cantémoslle ao Deus que nos visita,
que mostra na humildade o seu poder,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Celebrante:

Deus, todopoderoso e eterno, luz dos que cren en Ti, que a terra se ateigue da túa Gloria e te recoñezan os pobos pola claridade da túa luz.

Xúntanos a todos na alegría eterna do teu fogar. Pedímoscho polo teu Fillo Xesús, o noso Salvador, a quen festexamos en Nadal pousado nas nosas mans e que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

San Paulo, despois do himno de louvanza a Deus por facernos fillos seus pola encarnación de Xesús, dá grazas a Deus pola comunidade que vive en Éfeso xa que demostran o seu amor con feitos cada día, e pide para eles o espírito de sabedoría.

Xesús é a Palavra de Deus que nos trae a luz e a revelación dun Deus Pai, que nos quere, nos sorrí e nos leva da man nos camiños da vida.

*No Leccionario I – A páx 43 **Ef 1,3-18** LECTURA*

LECTURA DA CARTA AOS EFESIOS

Irmáns e irmás:

¡Bendito sexa o Deus e Pai do noso Señor Xesús Cristo, que por medio de Cristo nos bendiciu no ceo con toda clase de bendicións do Espírito!.

Porque nos escolleu antes da formación do mundo, para que fósemos santos e sen mancha perante El polo amor.

El decidiu xa daquela profillarnos por medio de Xesús Cristo, para El, conforme o designio da súa vontade.

Por iso, tamén eu, tendo oído falar da vosa fe no Señor Xesús e do voso amor a todos os crentes, non paro de lle dar grazas a Deus por vós, recordándovos nas miñas oracións, de xeito que o Deus do noso Señor Xesús Cristo, o Pai glorioso, vos conceda espírito de sabedoría e de revelación, para coñecer o ben; que manteña iluminados os ollos da vosa alma, para que comprendades as esperanzas que abre a súa chamada, a riqueza que supón a súa gloriosa herdanza destinada aos crentes.

Palabra do Señor

CANTO 🎵 *nº 7 Con un sombreiro de palla* **SALMO**

(*en pé*) *Lecciona I A páx 46* **Xn 1, 1-5.9-14 EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

No principio existía a Palabra,
e a Palabra estaba onda Deus,
e a Palabra era Deus.
Ela estaba no principio onda Deus.
Todo foi feito por ela,
e sen ela non se fixo
nada do que foi feito.
Nela estaba a vida,
e a vida era a luz dos homes;
a luz aluma na tebra,
e a tebra non a deu apagado.
(A Palabra) era a verdadeira luz
que aluma a todo home
que vén a este mundo.
Ela estaba no mundo,
e o mundo foi feito por ela,
pero o mundo non a recoñeceu.
Veu á súa propiedade,
e os seus non a acolleron.
Pero a cantos a recibiron,
-aos que cren no seu nome-
deulle o poder
de seren fillos de Deus.

Estes, non naceron do sangue,
nin da vontade da carne,
senón de Deus.
E a Palabra fíxose carne,
e plantou entre nós a súa tenda,
e nós vimos a súa gloria,
gloria coma de Unixénito
que vén do Pai,
cheo de graza e de verdade.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para
acoller a palabra no corazón



Deus plantou con nós
a súa tenda no Nadal
e pousouse nas nosas mans

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial, sabendo que
Deus nace no medio de nós ao facerse Nadal, con
ledicia, damos razón da nosa fe diante dos demais
dicindo:

🎵 **SI CREEMOS**

Monitor/a

Cremos en Deus Pai,
que acompaña os nosos camiños da vida
naquel cortello de Belén, nos escombros de Palestina
e en tantas e tantas vidas rotas sen paz?

🎵 **SI CREEMOS**

Cremos en Xesús,
que se achega a todos nós
e nace pobre e no medio dos pobres?

🎵 **SI CREEMOS**

Cremos no Espírito de Deus
que nos alenta a compartir coa ilusión do Nadal?

🎵 **SI CREEMOS**

Cremos na igrexa,
comunidade que quere medrar acollendo a Xesús
que se fai vida en cada fogar?

🎵 **SI CREEMOS**

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Imos agora rezar a Deus, imos poñer nas súas mans as nosas pregarías e o noso agradecemento a todo canto o Nadal nos ofrece. Dicimos:*

GRAZAS POLO TEU FILLO, SEÑOR

Monitor/a

✓ Todos queremos acoller o cariño de Deus que se nos mostra humilde e forte en Belén. Queremos andar sempre polos seus camiños de paz. Por iso dicimos

✓ Todos queremos acoller nas mans ao Deus que comparte con nós. Queremos tamén achegarnos aos que precisan da nosa dignidade e respecto. Por iso dicimos

✓ Todos queremos acoller contentos ao Deus que nos visita na vida dos refuxiados e dos pobres. Queremos agradecer a todos cantos con corazón solidario se achegan aos máis necesitados para dar unha man. Por iso dicimos

✓ Todas as comunidades queremos acoller e facer noso o misterio do Nadal. Queremos agradecer o poder ser hoxe cristiáns, non de rutinas senón de compromisos pola xustiza e a paz. Por iso dicimos

Celebrante: *Señor, acolle as nosas vidas, os nosos bos desexos destes días de Nadal, e que os demais atopen sempre en nós ilusión e paz. Por Xesucristo noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Xesús xa é Nadal, está no medio de nós. So temos que abrir os ollos e mirar ao arredor para atoparnos con El.*

Sentíndoo coma irmán, co sorriso confiado de telo á nosa beira, rezamos dicindo o que El nos aprendeu

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans abertas expresan a nosa vontade de ser acolledores e solidarios para non virarlle as costas ao pobre; con estas mesmas mans queremos ser exemplo de PAZ. E nestas mesmas mans pousase Xesús porque é NADAL. Deámonos a paz.*

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Esta é a casa na que compartimos todo o que Deus nos agasalla. Hoxe é fogar que nos fai partícipes do Salvador que nace no medio de nós para darnos vida. Ditosos nós convidados a festexar este do Nadal do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

CANTO nº 1 🎵 *Imos compañeiros imos*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Deus de misericordia,
pola graza deste misterio do Nadal
Xesús pousase nas nosas mans;
que se cumpran os nosos desexos,
e así teñamos parte no Reino da paz.
Pedímoscho a Ti que vives e reinas
por sempre eternamente. Amén

Acollemos a Xesús coma o Salvador nacido no medio de nós. Agora dende o sitio onde estamos ou achegándonos ao Belén (se somos poucos) cantamos nº 4 Durme meniño (ou calquera outra panxoliña)

Co Nadal do seu Fillo, Deus pousase nas nosas mans para enchernos de amor e de paz. Amén

Co Nadal compartido como familia facémonos comunidade crible que quere ser mensaxeira do evanxeo. Amén

E co Nadal, Deus Pai uniu a terra co ceo facéndonos merecentes aquí do seu amor, e no ceo da súa vida sen fin. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes) e recordatorio do concerto de panxoliñas o domingo as 6:30 da tarde

*Que teñamos un BO NADAL,
e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

Podémonos ir en paz. Deámoslle grazas a Deus

CANTO nº 1 🎵 *Imos compañeiros imos*

